

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

2550 *Real decreto lei 4/2019, do 22 de febreiro, do réxime especial das Illes Balears.*

I

A insularidade é unha característica física do territorio que xera un conxunto de desequilibrios que se poden resumir nos seguintes puntos: maior carestía da vida; maiores custos de produción das empresas que se aprovisionan de *inputs* intermedios; maior carestía dos produtos enerxéticos; maiores custos de investimento en bens de equipamento; maiores custos de funcionamento da Administración na provisión de bens públicos; menor aproveitamento das economías de escala; proliferación de condutas anticompetitivas nos mercados; alta dependencia dos portos e aeroportos, e gran vulnerabilidade ante conxunturas externas.

Neste sentido, o artigo 138.1 da Constitución española recoñece o feito insular como unha circunstancia de particular atención que debe ser tida en conta ao establecer o adecuado e xusto equilibrio económico entre as diversas partes do territorio español, con vista á efectiva realización do principio de solidariedade.

Da formulación constitucional despréndense dous efectos inmediatos: a existencia do feito insular como un conxunto de circunstancias específicas cuxa determinación se encomenda ao Estado e a conclusión de que este feito insular debe ser atendido ao formular as políticas concretas cuxo obxectivo non é outro que a materialización do equilibrio económico.

Estas desvantaxes da insularidade deben ser corrixidas mediante a acción do Estado co fin de establecer un adecuado e xusto equilibrio económico interterritorial. Neste contexto enmárcase a disposición adicional sexta do Estatuto balear relativo ao réxime especial insular que recoñece o feito específico e diferencial da súa insularidade.

Á vista das normas recollidas neste real decreto lei, resultantes de cumprir o mandato establecido na citada disposición adicional sexta, resulta crucial que o escenario regulador descrito entre en vigor de forma inmediata, de modo que os axentes económicos poidan coñecer o marco xurídico aplicable ás actividades e investimentos producidos na Comunidade Autónoma das Illes Balears, e planificar así as súas decisións empresariais tendo en conta o novo contexto. Noutros termos, concorren os requisitos constitucionais de extraordinaria e urxente necesidade, que habilitan o Goberno para aprobar o presente real decreto lei dentro da marxe de apreciación que, en canto órgano de dirección política do Estado, lle recoñece o artigo 86.1 da Constitución española (STC 142/2014, FX 3 e STC 61/2018, FFX 4 e 7).

Concorren tamén as circunstancias que fan necesaria unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido para a tramitación parlamentaria dunha lei, ben sexa polo procedemento ordinario ou polo de urxencia, especialmente cando a urxencia non depende do propoñente da iniciativa (STC 68/2007, FX 10 e STC 137/2011, FX 7).

Finalmente, produciuse un claro atraso no cumprimento do mandato estatutario contido na mencionada disposición adicional sexta do Estatuto balear, tras diversos proxectos e proposicións de lei de modificación do réxime especial vixente establecido na Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, que por diversas circunstancias viron a súa tramitación caducada. Neste sentido, o feito de que unha situación pervivise durante longo tempo non é óbice para que se lle faga fronte por vía da lexislación de urxencia (STC 11/2002, FX 7). O carácter estrutural dunha situación non impide que, no momento actual, se poida converter nun suposto de extraordinaria e urxente necesidade atendendo ás circunstancias concorrentes (STC 137/2011, FX 6; STC 183/2014, FX 5; STC 47/2015, FX 5; STC 139/2016, FX 3 e STC 61/2018, FX 4).

II

A Comunidade Autónoma das Illes Balears ten unhas circunstancias específicas como consecuencia da súa condición insular e plurinsular. A Comunidade Autónoma das Illes Balears conta cunha estrutura produtiva fortemente marcada por tales circunstancias, responsable, por unha parte, do dinamismo da súa economía pero, ao mesmo tempo, tamén dos seus condicionantes. A defensa da insularidade, tanto no ámbito estatal coma no europeo, goza dun consenso xeral.

Tanto o Estatuto de autonomía das Illes Balears de 1983 como, sobre todo, a súa modificación en 2007, incidiron no recoñecemento do feito insular e das súas circunstancias coa finalidade de amparar e promover actuacións conducentes a reducir ou eliminar tales desequilibrios.

A máis relevante desas actuacións foi a Lei 30/1998, do 29 de xullo, que prevé unha serie de medidas en diferentes ámbitos, as cales, salvo no que respecta ás relativas ao transporte, carecen de concreción e están suxeitas a desenvolvementos normativos posteriores a cargo de comisións mixtas integradas por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica das Illes Balears.

A realidade insular ou plurinsular balear e a necesidade dun tratamento propio tradúcense principalmente na previsión estatutaria contida na disposición adicional sexta do estatuto mediante a articulación do réxime especial balear.

De conformidade co disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o proxecto de real decreto lei analizado axústase aos principios de boa regulación e, en particular, aos principios de necesidade e eficiencia, e existen fundadas razóns de interese xeral para a súa aprobación, tendo en conta o atraso na concreción e nos desenvolvementos normativos da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, para o recoñecemento da súa realidade insular ou plurinsular balear.

Por outra parte, resulta evidente o principio de proporcionalidade, xa que as medidas previstas nesta norma en materia enerxética e de transportes e o recoñecemento do factor de insularidade se axustan plenamente ao obxectivo que se pretende conseguir mediante este instrumento, que é o mesmo tratamento que se produce no ámbito peninsular. Así mesmo, cumpre os principios de seguranza xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, asegurando a súa correcta incardinación e congruencia coa regulación vixente. Polo demais, a norma é coherente co principio de transparencia ao ter cumprido estritamente cos procedementos exixidos na tramitación dun decreto lei.

Por último, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exixen o seu ditado, sen que para estes efectos caiba considerar que existan outras alternativas menos restritivas ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios, mais ben ao contrario, tras a adopción desta norma con rango de lei estableceranse melloras substanciais no ámbito enerxético e de transportes e no recoñecemento do factor de insularidade.

III

Este real decreto lei consta de vinte e un artigos, distribuídos en catro títulos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O título preliminar, que contén as disposicións xerais, fai referencia, en primeiro lugar, ao obxecto, finalidade e ámbito de aplicación do real decreto lei, así como aos mecanismos de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración autonómica das Illes Balears, que se articulará, esencialmente, a través da Comisión Mixta de Economía e Facenda prevista no artigo 125 do Estatuto de autonomía.

O título I contén medidas referentes ao sector enerxético. A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, establece os mecanismos que deberán ser desenvolvidos na regulamentación dos territorios non peninsulares, expresamente que a normativa de

desenvolvemento terá presente o fomento de enerxías renovables cando sexan tecnicamente asumibles e supoñan unha redución de custos do sistema.

Da mesma maneira, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, indica que se aplicarán os criterios técnicos e de mercado para o despacho da enerxía ata a integración destes sistemas no mercado peninsular cando exista unha interconexión coa Península de capacidade comercial suficiente, xunto cos incentivos económicos ao operador do sistema para que, mantendo a seguranza, se reduza progresivamente o custo de xeración. A normativa de desenvolvemento tamén incorporará sinais de prezos eficientes ao consumidor para que poida adaptar o seu consumo á curva de carga de cada sistema.

Os criterios explicados nos parágrafos anteriores tivéronse en conta coa aprobación do Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e o procedemento de despacho nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares. Este real decreto estableceu o réxime administrativo das instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios non peninsulares, especificando as competencias administrativas e reordenando os procedementos administrativos que afectan as instalacións de xeración, diferenciando os procedementos relativos á asignación do réxime económico ou á xestión do despacho de produción, de competencia estatal, daqueles outros necesarios para a súa posta en funcionamento, na maioría dos casos de competencia autonómica.

O artigo 3 do citado Real decreto 738/2015, do 31 de xullo, define os sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares e prevé que, naqueles casos en que se produza unha unión mediante redes eléctricas de dous ou máis sistemas eléctricos illados de tal maneira que se permita a integración nun único sistema, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo revisarase a definición dos sistemas eléctricos illados.

De acordo co anterior, coa aprobación da Orde TEC/1172/2018, do 5 de novembro, redefínense os sistemas eléctricos illados do territorio non peninsular da Comunidade Autónoma das Illes Balears e modifícase a metodoloxía de cálculo do prezo de adquisición da demanda e do prezo de venda da enerxía no despacho de produción dos territorios non peninsulares.

Coa presente norma preténdese abordar unha serie de cuestións de ámbito enerxético necesarias no réxime especial das Illes Balears. En primeiro lugar, a planificación enerxética das Illes Balears deberá considerar o feito insular e será indicativa, excepto na parte relativa á rede de transporte, que será vinculante. A citada planificación realizárase a Administración xeral do Estado coa participación da Comunidade Autónoma das Illes Balears, sen prexuízo das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e de ambiente.

Pola súa vez, o Goberno promoverá a interconexión eléctrica entre illas, co obxecto de avanzar na integración dos sistemas eléctricos illados (Mallorca-Menorca e Ibiza-Formentera) nun único sistema eléctrico balear mediante o reforzo das interconexións eléctricas. Neste sentido, co fin de integrar o sistema eléctrico balear no sistema eléctrico peninsular, planificarase e promoverase a execución dunha segunda interconexión eléctrica entre a Península e as Balears.

As administracións públicas fomentarán a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, así como a contaminación atmosférica, garantindo en todo caso a seguranza e calidade da subministración eléctrica.

Por outra parte, no ámbito económico, establécese que os prezos da enerxía eléctrica para os consumidores acollidos a prezos regulados na Comunidade Autónoma das Illes Balears serán equivalentes aos que se establezan, de ser o caso, no territorio peninsular. Respecto aos prezos do gas natural para os consumidores acollidos a prezos regulados e dos gases licuados de petróleo envasados e canalizados para os cales o Goberno estableza un prezo máximo de venda, serán equivalentes aos que se establezan, de ser o caso, en territorio peninsular.

Inclúese unha cláusula pola cal se poderá establecer un concepto retributivo adicional para cubrir a diferenza entre os custos de investimento e explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos das Illes Balears e os

ingresos da dita actividade de produción, nos termos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro.

Polo que se refire á transición enerxética, as administracións públicas competentes fomentarán a instalación de enerxías renovables para a produción eléctrica na Comunidade Autónoma das Illes Balears, coa posibilidade de outorgar un réxime retributivo específico para novas instalacións renovables na Comunidade Autónoma das Illes Balears mediante a convocatoria de procedementos de concorrencia competitiva.

Tamén se abordan outros aspectos relacionados coa promoción de medidas de xestión da demanda e de eficiencia enerxética.

Finalmente, inclúese a promoción da electrificación dos portos da Comunidade Autónoma das Illes Balears para permitir a conexión eléctrica de barcos durante o período de atracada.

O título II contén unha regulación específica en materia de transporte. A insularidade implica uns sobrecostos de transporte para os territorios afectados, que se traduce en gastos adicionais que deben soportar os cidadáns residentes nas ditas rexións e unha desvantaxe competitiva para as empresas radicadas na Comunidade Autónoma das Illes Balears. Esta realidade xa supuxo no seu momento a posta en marcha dun sistema de compensacións que agora se perfecciona, adaptándose a un novo contorno, en que se pretende que esas compensacións sexan o máis próximas aos custos adicionais que realmente sofren os residentes na Comunidade Autónoma das Illes Balears.

Así se traduce, en primeiro termo, en relación co transporte marítimo e aéreo de persoas, dotado dun réxime de bonificacións que chegan a acadar o 75 por cento das tarifas dos traxectos directos, sexan de ida ou de ida e volta, entre a Comunidade Autónoma das Illes Balears e o resto do territorio nacional, ou o réxime aplicado ás conexións interinsulares. E, en segundo lugar, coa necesaria garantía de que contará sempre con servizos marítimos e aéreos de calidade, que se asegurarán, de ser o caso, coa imposición de obrigacións de servizo público e incluso a celebración de contratos públicos. Desta forma, sálvase a existencia en todo caso dunha prestación mínima de servizos regulares, frecuencias, prezos e capacidade mínima que reforzará a cohesión territorial das illas e destas coa Península.

Por outro lado, actualízase tamén o sistema de compensacións ao transporte aéreo e marítimo de mercadorías á Comunidade Autónoma das Illes Balears, mediante consignacións anuais nos orzamentos xerais do Estado e que contará co seguimento dunha comisión mixta integrada por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica das Illes Balears.

Estas axudas non esquecen as cuestións ambientais, pois inclúen tamén compensacións ao transporte de residuos, o que mellora a súa xestión ambiental correcta.

A regulación do transporte complétase cunha serie de medidas complementarias en materia portuaria e aeroportuaria, que responden á consideración de que os portos e aeroportos de titularidade estatal existentes en Balears que, de conformidade coa lexislación vixente, están declarados de interese xeral, son instrumentos esenciais para a integración económica e social de Balears, xa que contribúen á súa conectividade, vertebración, cohesión social e desenvolvemento económico.

Tamén o transporte público terrestre regular de viaxeiros, que se concibe como servizo público esencial, contará cun financiamento garantido a través dos orzamentos xerais do Estado, sen esquecer factores relevantes nas illas como é a afluencia turística.

Por último e en atención á súa importancia, créase unha comisión mixta específica integrada por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica cuxa finalidade será analizar as potencialidades do sector náutico nas illas.

O articulado da lei complétase co título III, relativo ao factor de insularidade das Illes Balears, que se configura como o instrumento financeiro destinado a asegurar a debida compensación das consecuencias económicas inherentes á descontinuidade territorial que implica o feito insular, especialmente en materia de investimento público.

Este real decreto lei complétase con tres disposicións adicionais, as dúas primeiras relativas a cuestións diversas vinculadas ao factor de insularidade que, polo seu contido,

non encontran perfecto acomodo no articulado da lei, e unha terceira para indicar que calquera referencia que se efectúe á Lei 30/1998 que se derroga, se entenda efectuada ás disposicións deste real decreto lei.

A disposición transitoria primeira establece o compromiso do Goberno de promover a modificación do Regulamento UE 1407/2013, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, no sentido de aumentar o límite de 200.000 euros de axudas acumuladas por unha mesma empresa durante un período de tres anos para o transporte de mercadorías para os territorios insulares.

A disposición transitoria segunda establece que o disposto en relación co factor de insularidade se entenderá sen prexuízo dos convenios que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, poidan subscribir a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma das Illes Balears no marco do previsto na disposición transitoria novena do Estatuto de autonomía das Illes Balears.

Pola súa parte, a través da disposición derogatoria única derrégase a Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, e dispónse, en boa lóxica, que todas as referencias contidas na normativa vixente á dita lei derogada se deben entender efectuadas ao presente real decreto lei.

Por último, mediante as disposicións derradeiras recóllese o título competencial ao abeiro do cal se dita a norma, se faculta o Goberno para o desenvolvemento regulamentario e se fixa a súa entrada en vigor.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta conxunta da ministra de Facenda, do ministro de Fomento, da ministra de Política Territorial e Función Pública e da ministra para a Transición Ecolóxica, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de febreiro de 2019,

DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto lei é a regulación do réxime especial das Illes Balears previsto na disposición adicional sexta da Lei orgánica 1/2007, do 28 de febreiro, de reforma do Estatuto de autonomía das Illes Balears, en recoñecemento do feito específico e diferencial da súa insularidade, mediante o establecemento de medidas de índole económica e fiscal, con especial atención a certos sectores ou materias.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto lei aplicarase no ámbito territorial da Comunidade Autónoma das Illes Balears, definido no artigo 2 do seu Estatuto de autonomía.

Artigo 3. *Cooperación e coordinación entre as administracións públicas.*

1. A Comisión Mixta de Economía e Facenda entre o Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears, prevista no artigo 125 do Estatuto de autonomía das Illes Balears, será a encargada de facer o seguimento da aplicación do réxime especial das Illes Balears.

Así mesmo, esta comisión mixta coordinará as comisións interadministrativas que se constitúan ao abeiro deste real decreto lei.

2. Sen prexuízo do anterior, por acordo da Comisión Mixta a que se refire o punto anterior, ambas as administracións establecerán as comisións ou os mecanismos de

cooperación e coordinación de carácter sectorial que consideren convenientes para a posta en marcha, a aplicación e o desenvolvemento do réxime especial das Illes Balears.

En particular, crearase unha comisión de intercambio e análise de datos estatísticos, que será a encargada de analizar os datos que dispoñan a Administración xeral do Estado, a Administración autonómica das Illes Balears e os respectivos organismos públicos competentes para o estudo e a avaliación dos custos que supón a insularidade.

A composición e o réxime de funcionamento desta comisión determinaraos a Comisión Mixta de Economía e Facenda a que se refire o punto 1 deste artigo.

TÍTULO I

Enerxía

Artigo 4. *Planificación enerxética.*

1. A planificación enerxética da Comunidade Autónoma das Illes Balears deberá considerar o feito insular. Realizaraa a Administración xeral do Estado coa participación da Comunidade Autónoma das Illes Balears, sen prexuízo das competencias autonómicas en materia de ordenación do territorio e de ambiente.

2. O Goberno promoverá a interconexión eléctrica entre illas, co obxecto de avanzar na integración dos sistemas eléctricos illados (Mallorca-Menorca e Ibiza-Formentera) nun único sistema eléctrico balear mediante o reforzo das interconexións eléctricas.

3. Co fin de integrar o sistema eléctrico balear no sistema eléctrico peninsular, o Goberno planificará e promoverá a execución dunha segunda interconexión eléctrica entre a Península e as Balears.

4. Atendendo á necesidade urxente de reducir de forma significativa a emisión de gases de efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica á vez que se garante a subministración eléctrica, o Goberno fomentará a substitución tecnolóxica da xeración eléctrica nas Illes Balears por fontes de enerxía renovables e de baixas emisións.

5. Co fin de reducir as vulnerabilidades inherentes ao transporte eléctrico en illas, e as maiores dificultades da reparación deste en caso de avaría, a planificación da rede de transporte na Comunidade Autónoma das Illes Balears terá entre os seus obxectivos alcanzar niveis de seguranza e calidade de subministración equivalentes aos do sistema peninsular.

Artigo 5. *Prezos da enerxía eléctrica, dos gases combustibles e hidrocarburos.*

1. Os prezos da enerxía eléctrica para os consumidores acollidos a prezos regulados coincidirán cos que se establezan, de ser o caso, no territorio peninsular.

2. Os prezos do gas natural para os consumidores acollidos a prezos regulados e dos gases licuados de petróleo envasados e canalizados para os cales o Goberno estableza un prezo máximo de venda coincidirán cos que se establezan, de ser o caso, en territorio peninsular.

Artigo 6. *Retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica.*

1. Nos termos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, o Goberno poderá establecer un concepto retributivo adicional para cubrir a diferenza entre os custos de investimento e explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos da Comunidade Autónoma das Illes Balears e os ingresos da dita actividade de produción.

2. Co obxectivo de reducir os custos de subministración no sistema eléctrico balear, o Goberno fomentará o incremento do grao de desenvolvemento e competencia das actividades de produción e comercialización de enerxía eléctrica.

Artigo 7. *Transición enerxética.*

1. O Goberno fomentará a instalación de enerxías renovables para a produción eléctrica na Comunidade Autónoma das Illes Balears.

2. Para os efectos do parágrafo anterior, o Goberno poderá outorgar un réxime retributivo específico para novas instalacións renovables na Comunidade Autónoma das Illes Balears.

3. O Estado e a Comunidade Autónoma das Illes Balears crearán unha comisión específica cos seguintes obxectivos:

a) Promover a transición enerxética da comunidade autónoma para reducir a súa dependencia enerxética exterior, así como a súa dependencia dos combustibles fósiles.

b) Promover as medidas necesarias para o fomento das enerxías renovables nas Illes Balears.

c) Promover medidas de xestión da demanda e de eficiencia enerxética, así como impulsar no territorio balear os beneficios que para o conxunto de consumidores poidan derivar dos procesos de desregulación e liberalización do sector enerxético.

d) Promover medidas para fomentar a transformación, xestión e uso sustentable da biomasa de orixe autóctona, co obxectivo de reducir a dependencia enerxética exterior e permitir unha xestión sustentable do recurso na comunidade autónoma.

e) Promover as medidas necesarias para a substitución de combustibles fósiles por alternativas máis limpas.

f) Favorecer unha transición xusta para aqueles sectores que se vexan máis afectados pola transición enerxética.

Artigo 8. *Electrificación dos portos da Comunidade Autónoma das Illes Balears.*

O Goberno promoverá a electrificación dos portos da Comunidade Autónoma das Illes Balears para permitir a conexión eléctrica de barcos durante o período de atracada.

TÍTULO II

Transporte

CAPÍTULO I

Transporte aéreo e marítimo de persoas

Artigo 9. *Bonificación do transporte aéreo e marítimo de persoas.*

1. Aos cidadáns españois, así como aos dos demais Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados asinantes do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou de Suíza, aos seus familiares nacionais de terceiros países beneficiarios do dereito de residencia ou do dereito de residencia permanente e aos cidadáns nacionais de terceiros países residentes de longa duración, que acrediten a súa condición de residentes nas Illes Balears, aplicaráselles as seguintes bonificacións:

a) Nos billetes de transporte marítimo, con vixencia indefinida, para os traxectos directos, sexan de ida ou de volta, entre a Comunidade Autónoma das Illes Balears e o resto do territorio nacional, o 75 por cento da tarifa do servizo regular, e nas viaxes interinsulares será do 50 por cento da dita contía.

b) Nas tarifas dos servizos regulares de transporte aéreo de pasaxeiros entre a Comunidade Autónoma das Illes Balears e o resto do territorio nacional, con vixencia indefinida, o 75 por cento da tarifa do servizo regular por cada traxecto directo de ida ou de volta, e nas viaxes interinsulares o 75 por cento da dita contía.

Todo iso sen prexuízo das bonificacións adicionais que poida establecer a propia Comunidade Autónoma das Illes Balears no marco das súas competencias en materia de transporte marítimo interinsular.

2. No transporte aéreo para os efectos da bonificación, do importe da tarifa do servizo regular deducirase a cantidade correspondente ás prestacións patrimoniais públicas a que se refiren as letras d), e) e f) do artigo 68.2 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, con independencia de que fosen repercutidas ou non ao pasaxeiro. Para tal efecto, estas prestacións patrimoniais aparecerán desagregadas na documentación xustificativa dos cupóns de voo.

3. Estas bonificacións estatais poderán ser compatibles coas limitacións establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, coas axudas que se poidan prever en relación con determinados colectivos nas normas especiais que lles sexan de aplicación, con especial atención ás que se poidan establecer para os equipos baleares que participen en competicións deportivas de ámbito autonómico ou estatal e para as asociacións e entidades culturais da Comunidade Autónoma das Illes Balears que participen en actividades de difusión e intercambio cultural que impliquen desprazamentos entre as illas ou co resto do Estado.

4. Oído o Consello de Goberno da Comunidade Autónoma das Illes Balears e logo do informe da Comisión Mixta de Economía e Facenda a que se refire o artigo 3 deste real decreto lei, mediante real decreto do Consello de Ministros poderase modificar ou, de ser o caso, substituír o réxime e a contía da bonificación prevista neste artigo por outro sistema de compensación. Esta modificación nunca poderá supor unha diminución da axuda prestada, unha deterioración na calidade do servizo, nin dela poderá resultar unha redución inferior á aplicable no arquipélago canario.

Artigo 10. *Declaración de obriga de servizo público ou contratación pública do transporte aéreo e marítimo de persoas.*

1. Co fin de garantir as comunicacións aéreas interinsulares e entre a Comunidade Autónoma das Illes Balears e o resto do territorio nacional, o Goberno, no ámbito das súas competencias, poderá establecer obrigas de servizo público, con suxeición en todo caso ao dereito da Unión Europea.

2. En todo caso, as declaracións de obriga de servizo público ou os contratos a que se refire o punto anterior deberán garantir unha prestación mínima de servizos regulares e de frecuencias co obxecto de reforzar a cohesión territorial das illas e destas coa Península, e no transporte aéreo, requisitos en materia de continuidade, regularidade de prezos ou capacidade mínima que as compañías aéreas non asumirían se unicamente tivesen en conta o seu interese comercial.

3. A declaración de obrigas de servizo público en modo aéreo suporá a creación dunha comisión mixta, coa presenza de representantes do Ministerio de Fomento e da comunidade autónoma, que analizarán de forma regular as condicións de operación nas rutas.

CAPÍTULO II

Transporte aéreo e marítimo de mercadorías e residuos

Artigo 11. *Compensacións ao transporte aéreo e marítimo de mercadorías.*

1. Como medida correctora dos efectos da insularidade na Comunidade Autónoma das Illes Balears, establecerase unha consignación anual nos orzamentos xerais do Estado, referida ao ano natural, para financiar un sistema de compensacións que permita abaratar o custo efectivo do transporte marítimo e aéreo de mercadorías interinsular e entre as Illes Balears e a Península.

Estas axudas incluirán, como mínimo, a compensación de ao menos o 65 por cento do custo medio de frete do transporte para a exportación de produtos orixinarios da

Comunidade Autónoma das Illes Balears ou que fosen obxecto de transformacións que acheguen valor nas illas por parte de empresas pertencentes aos sectores preferentes que se establezan regulamentariamente. As axudas estenderanse tamén á importación daquelas materias primas non enerxéticas necesarias para a produción destes sectores e que non teñan suficiente produción no mercado interior de cada illa. Neste caso, compensarase, como mínimo, un 60 por cento do custo medio de frete do dito transporte.

2. Determinaranse regulamentariamente o sistema de concesión das compensacións, nas súas diversas modalidades e conceptos, os seus beneficiarios, os sectores produtivos a que será de aplicación e as tipoloxías de mercadorías que poderán ser obxecto de tales axudas.

En todo caso, o sistema de compensación debe garantir a súa incidencia directa sobre o custo do transporte e terá en conta o principio de continuidade territorial coa Península.

3. Crearase unha comisión mixta integrada por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica das Illes Balears, que se encargará de efectuar o seguimento e a avaliación da aplicación do sistema de compensación previsto neste artigo e que será oída no procedemento de proposta e actualización de sectores económicos e tipos de mercadorías que se poidan beneficiar destas axudas.

Artigo 12. *Compensacións ao transporte marítimo de residuos.*

1. O Goberno establecerá medidas para financiar o transporte marítimo entre illas dos residuos xerados na Comunidade Autónoma das Illes Balears, atendendo a razóns de economía de escala ou de xestión ambientalmente correcta dos residuos.

2. Para tal efecto, establecerase regulamentariamente un mecanismo de compensación en función da tonelaxe de residuos transportada, e corresponderá á comisión mixta prevista no artigo anterior o seu seguimento e avaliación.

CAPÍTULO III

Medidas complementarias en materia portuaria e aeroportuaria

Artigo 13. *Taxas e tarifas portuarias e aeroportuarias.*

Por razóns de interese xeral, co obxecto de mellorar e reforzar a demanda no tráfico aéreo e marítimo no arquipélago balear, poderanse establecer reducións ou bonificacións sobre as taxas portuarias e aeroportuarias respecto ás vixentes no ámbito nacional, con pleno respecto ao previsto na normativa da Unión Europea de aplicación. Prestarase especial atención ás taxas vinculadas ao tráfico de contedores.

Artigo 14. *Xestión de portos e aeroportos.*

A Administración do Estado, con suxeición á normativa de aplicación ao respecto, garantirá o mantemento da súa cualificación como portos e aeroportos de interese xeral, así como o desenvolvemento dos investimentos necesarios nos portos e aeroportos de interese xeral e a súa conservación, en condicións adecuadas de uso, explotación e operatividade, así como a súa adaptación ás condicións de operatividade que se poidan demandar pola aparición de novos fluxos de tráfico. Atenderase de maneira específica á adecuada operatividade e adaptación dos portos e aeroportos de interese xeral situados en Menorca e Ibiza.

CAPÍTULO IV

Transporte terrestre

Artigo 15. *Transporte público terrestre.*

1. Recoñéceselle ao transporte público terrestre regular de viaxeiros o carácter de servizo público esencial.

2. A planificación e a xestión deste tipo de transporte levaranse a cabo de maneira integrada e con carácter insular, garantíndose o seu financiamento a través dos orzamentos xerais do Estado, con cargo ás disponibilidades orzamentarias do ministerio que asuma a dita obriga. Neste financiamento débense ter en conta as circunstancias da Comunidade Autónoma das Illes Balears e, en particular, a afluencia turística.

CAPÍTULO V

Sector náutico

Artigo 16. *Sector náutico.*

Co fin de analizar as potencialidades do sector náutico na Comunidade Autónoma das Illes Balears constituirase unha comisión mixta específica integrada por representantes da Administración xeral do Estado e da Administración autonómica da Comunidade Autónoma das Illes Balears que desenvolverá un plan de medidas de desenvolvemento como sector dinamizador da actividade e do emprego.

TÍTULO III

Factor de insularidade da Comunidade Autónoma das Illes Balears

Artigo 17. *Factor de insularidade.*

Incluirase como dotación nos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio unha asignación do factor de insularidade da Comunidade Autónoma das Illes Balears, que se executará conforme a natureza e as regras expostas nos artigos seguintes.

Artigo 18. *Dotación inicial e evolución dinámica do factor de insularidade.*

1. A dotación inicial para o primeiro exercicio fixarase a partir dunha metodoloxía consensuada no marco da correspondente Comisión Mixta de Economía e Facenda, considerando os desequilibrios inherentes á descontinuidade territorial propia do feito insular e plurinsular, especialmente en materia de investimentos.

En particular, as necesidades de investimento que se considerarán para efectos da mencionada dotación inicial partirán da base do nivel de investimento medio anual do Estado no conxunto do territorio español dentro do período temporal que con esta finalidade se determine, sen prexuízo de considerar, así mesmo, cantas magnitudes e variables resulten procedentes para a fixación cuantitativa de tal dotación.

2. Para os exercicios seguintes, a dotación anual para o ano «t» calcularase aplicando á dotación inicial o seu índice de actualización. Enténdese por índice de actualización o cociente resultante de dividir o importe total dos investimentos executados polo sector público estatal en infraestruturas ferroviarias de alta velocidade e en estradas de interese xeral correspondente ao exercicio orzamentario «t-2» e os mesmos conceptos, en termos homoxéneos, referidos ao exercicio orzamentario que se fixe como ano base.

Artigo 19. *Destino do factor de insularidade.*

Esta dotación orzamentaria servirá para financiar actuacións no territorio da Comunidade Autónoma das Illes Balears en ámbitos de actuación especialmente afectados pola situación de insularidade e, especificamente, nas seguintes materias:

- a) Creación, desenvolvemento ou reposición de infraestruturas e sistemas de transporte, xestión, saneamento e/ou reutilización de recursos hídricos e do litoral, costas e praias.
- b) Creación, desenvolvemento ou despregamento de infraestruturas e redes intelixentes de produción, distribución, transporte e almacenamento de enerxía, incluídas as instalacións de autoconsumo con especial atención á promoción de enerxías renovables, así como da utilización de vehículos de enerxías alternativas e da implantación de puntos de recarga de vehículos eléctricos.
- c) Infraestruturas de transporte e sistemas de mobilidade.
- d) Bolsas, ao estudo e á investigación, de todos os graos do sistema educativo, especialmente no tramo de axudas á mobilidade.
- e) Modernización, reestruturación e diversificación do sector turístico das infraestruturas turísticas.
- f) Promoción da investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación e das tecnoloxías da información e das telecomunicacións, con especial atención ás tecnoloxías habilitadoras emerxentes e ás redes de moi alta velocidade.
- g) Prevención, reutilización, recolla, tratamento, reciclaxe e transporte de residuos.
- h) Actuacións sobre o patrimonio cultural, etnolóxico, arqueolóxico, arquitectónico e paisaxístico das Illes Balears.

Artigo 20. *Distribución do factor de insularidade.*

1. O Ministerio de Facenda distribuirá mediante resolución o factor de insularidade en liñas de actuación no primeiro cuadrimestre de cada ano, en función do que resulte do acordo da Comisión Mixta de Economía e Facenda referida no artigo 18 deste real decreto lei en relación cos proxectos seleccionados pola dita comisión de conformidade co previsto no presente punto.

Con tal finalidade, a mencionada comisión reunirse ao menos dúas veces ao ano para decidir, dentro do primeiro cuadrimestre, sobre a selección e a asignación que, de ser o caso, corresponda aos proxectos presentados, e para propor, dentro do segundo semestre de cada ano, a contía do factor de insularidade para o ano seguinte, no marco do disposto no artigo 18 deste real decreto lei. Así mesmo, poderanse constituír grupos de traballo para realizar os traballos preparatorios que a Comisión considere procedentes.

Para tal efecto, promoveranse mecanismos de avaliación de carácter competitivo que atenderán, especialmente, á contribución dos proxectos, estratexias ou actuacións incorporables á mellora do crecemento económico, do emprego e da competitividade da economía da Comunidade Autónoma das Illes Balears, á súa sustentabilidade financeira e á incidencia da circunstancia de insularidade sobre eles. Así mesmo, na dita avaliación priorizaranse aqueles proxectos ou actuacións que contén co apoio do conxunto das administracións públicas concernidas.

2. As contías así definidas terán a consideración de investimentos do Estado no territorio da Comunidade Autónoma das Illes Balears.

3. En todo caso, os proxectos a que se refiren os puntos anteriores poderán ser obxecto de reprogramación respecto dos investimentos ou actuacións inicialmente previstos, coa finalidade dunha mellor e máis plena consecución do fin esencial de paliar a incidencia do feito insular nos obxectivos mencionados de crecemento económico e mellora do emprego e da competitividade da economía da Comunidade Autónoma das Illes Balears, mediante a íntegra execución de todas e cada unha das dotacións anuais do factor de insularidade.

Artigo 21. *Rendición de contas e transparencia.*

1. O Ministerio de Facenda elaborará unha memoria anual sobre a dotación, a aplicación, os resultados e a situación destas actuacións.

2. Os responsables das actuacións, proxectos ou estratexias que sexan obxecto de financiamento con estes recursos darán publicidade a esta circunstancia.

Disposición adicional primeira. *Revisión do factor de insularidade.*

Cando finalice o primeiro quinquenio de funcionamento, no primeiro semestre do sexto ano, efectuarase un proceso de avaliación de actuacións e resultados no seo da Comisión Mixta de Economía e Facenda en función do cal se propondrá, de ser o caso, a súa prórroga ou actualización no marco do que dispoña a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico do factor de insularidade.*

En todo o non previsto no título III deste real decreto lei aplicaranse as normas xerais da lexislación orzamentaria do Estado, sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nin a Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición adicional terceira. *Actualización de referencias normativas.*

As referencias contidas en normas vixentes ás disposicións da Lei 30/1998 que se derrogan deberán entenderse efectuadas ás disposicións deste real decreto lei.

Disposición transitoria primeira. *Compensación do transporte aéreo e marítimo de mercadorías e residuos.*

1. O Goberno solicitará á Comisión Europea a modificación do Regulamento UE 1407/2013, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*, no sentido de aumentar o límite de 200.000 euros de axudas acumuladas por unha mesma empresa durante un período de tres anos para o transporte de mercadorías para os territorios insulares.

2. O Goberno solicitará á Comisión Europea autorización para que non sexa necesario que as axudas a que se refire o artigo 11 deste real decreto lei queden sometidas ao Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*. Desta maneira, en caso de obterse a autorización da Comisión, este Regulamento (UE) n.º 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, deixará de ser de aplicación a estas axudas.

Disposición transitoria segunda. *Convenios de colaboración.*

O disposto no título III do presente real decreto lei entenderase sen prexuízo dos convenios que, con anterioridade á súa entrada en vigor, poidan subscribir a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma das Illes Balears no marco do previsto na disposición transitoria novena do Estatuto de autonomía das Illes Balears.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas todas as disposicións da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das Illes Balears, que se opoñan ao disposto no presente real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto lei dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado establecida no artigo 149.1.13.^a e 14.^a da Constitución, sobre as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e da facenda xeral e débeda pública.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e execución.*

O Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 22 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN